



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Santiago de Compostela, a dezanove de xuño de mil novecentos noventa e oito.

REUNIDOS:

D. Dositeo Rodríguez Rodríguez, Conselleiro da Presidencia e Administración Pública actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente e por Acordo do Consello da Xunta de Galicia adoptado na súa reunión do día once de xuño de mil novecentos noventa e oito



D. Darío Villanueva Prieto, Rector da Universidade de Santiago, actuando en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante Universidade), en virtude das facultades atribuídas pola artigo 18-1º da Lei Orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria

Ámbalas partes con capacidade e lexitimación suficiente para o asinamento do presente convenio,

MANIFESTAN:

Que a Xunta de Galicia aquí representada ten interese en participar e colaborar na formación práctica da Universidade a través das Consellerías e doutros organismos dependentes da mesma.

Que a Universidade de Santiago de Compostela, dedicada a actividades de docencia e investigación ten a vontade de facilitar ós alumnos da Universidade unha formación práctica que lles permita ter unha alternancia coa formación teórica, e á súa vez, lograr a súa mellor cualificación e futura adaptación á realidade social.





XUNTA DE GALICIA

En consecuencia, por proposta do Consello Social acordan formaliza-lo presente Convenio de Colaboración segunda as seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- A Xunta de Galicia comprométese a colaborar coa Universidade a través do seu Consello Social, facilitando ós alumnos realizar prácticas que lles permitan completa-la formación recibida nas aulas.

Segunda.- Poderán participar nestas prácticas os alumnos das titulacións da Universidade que figuran no Anexo I e que no momento da solicitude teñan superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título universitario das ensinanzas que estea cursando e no momento da asignación non obtivesen a dita titulación. No caso de tratarse de Planos de Estudio non renovados, os estudantes deberán atoparse nos dous últimos anos de carreira (Primeiro Ciclo aprobado).

Terceira.- O Consello Social levará a cabo o rexistro dos alumnos que opten á realización das prácticas, previa formalización da inscrición nas dependencias do mesmo.

Cuarta.- A Consellería da Presidencia e Administración Pública coordinará a actividade das prácticas na Xunta de Galicia e definirá as áreas ou departamentos onde os estudantes poderán facer as mesmas, designará un titor en cada unha delas e supervisará as mesmas.

Quinta.- A Consellería da Presidencia e Administración Pública e o Consello Social instrumentarán de común acordo os mecanismos para a incorporación dos alumnos ós diferentes departamentos.

Sexta.- O tempo de realización das prácticas será como máximo de 500 horas por curso escolar.

980.05



XUNTA DE GALICIA

Sétima.- Nos Planos de Estudio renovados que contemplan créditos de libre configuración poderán ser imputados como tales (30 horas 1 crédito) previa formalización.

Oitava.- Establecerase unha Comisión de Seguimento das prácticas, formada por dous representantes da Consellería da Presidencia e Administración Pública e dous representantes designados polo Consello Social, encargado do control e seguimento das mesmas.

Novena.- A relación entre a Xunta de Galicia e o alumno non comportará vinculación laboral algunha.

Décima.- O alumno estará acollido durante o período das prácticas polo Seguro Escolar.

Undécima.- A duración do presente Convenio será de dous anos, sendo prorrogable automaticamente, salvo denuncia que deberá ser comunicada nun prazo mínimo de dous meses a data de finalización da súa vixencia.

Duodécima.- Ámbalas dúas partes se someten, con renuncia do fuero propio, á xurisdicción contencioso administrativa para a resolución das cuestións litixiosas que poideran surxir na aplicación e execución do presente convenio.

Lido por ámbalas partes, e en proba de conformidade, asinan e outorgan por duplicado exemplar, na cidade e data arriba indicados.

Polo Xunta de Galicia



Dosíteo Rodríguez Rodríguez

Pola Universidade de Santiago de Compostela.

Darío Villanueva Prieto.



ANEXO I

LICENCIATURAS

*** ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS:**

Especialidades:

Dirección
Finanzas
Auditoría e Control de Xestión
Empresas Agroindustriais

*** BIOLOXÍA:**

Especialidades:

Fundamental
Vexetal
Zooloxía

*** CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS**

*** CIENCIAS POLÍTICAS E DA ADMINISTRACIÓN:**

Especialidades:

Estudios de Administración Pública
Estudios Internacionales
Estudios Políticos

*** DEREITO**

*** ECONOMÍA:**

Especialidades:

Análisis Económico
Economía Internacional
Economía Pública e Política Económica
Rexional e Sectorial.

*** FARMACIA:**

Especialidades:

Orientación de Ecoloxía
Oreintación Industrial
Orientación Sanitaria.





XUNTA DE GALICIA

- * FILOLOXÍA ALEMANA
- * FILOLOXÍA CLÁSICA
- * FILOLOXÍA FRANCESA
- * FILOLOXÍA GALEGA
- * FILOLOXÍA HISPÁNICA
- * FILOLOXÍA INGLESA
- * FILOLOXÍA ITALIANA
- * FILOLOXÍA PORTUGUESA
- * FILOLOXÍA ROMÁNICA
- * FILOSOFÍA
- * FÍSICA:
Especialidades:
 - Electrónica
 - Física das Partículas
 - Física dos Materiais
 - Optoelectrónica
- * HISTORIA:
Áreas de especialización:
 - Antiga
 - Arquivística e Biblioteconomía
 - Contemporánea
 - Moderna
 - Prehistoria e Arqueoloxía
 - Xeografía e Historia e Arte de Galicia
- * HISTORIA DA ARTE:
Áreas de especialización:
 - Antiga e Medieval





XUNTA DE GALICIA

Moderna e Contemporánea
Museoloxía
Xeografía e Historia e Arte de Galicia.

* MATEMÁTICAS:
Especialidades:

Estatística e Investigación Operativa
Matemática Aplicada
Matemática Pura
Matemáticas Xerais.

* MEDICINA E CIRURXÍA

* PEDAGOXÍA
Especialidades:

Docencia
Intervención socio educativa
Orientación e educación especial

* PSICOLOXÍA:

Escolar
Psicopatoloxía e Psicoterapéutica
Social e do Traballo

* PSICOPEDAGOXÍA

* QUÍMICA:
Especialidades:

QUÍMICA FUNDAMENTAL
Fundamental-Analítica
Fundamental-Química Física
Fundamental-Química Inorgánica
Fundamental-Química Orgánica

QUÍMICA INDUSTRIAL

* VETERINARIA

* XEOGRAFÍA





* XORNALISMO

ENXEÑERÍAS

* ENXEÑERÍA AGRÓNOMA

* ENXEÑERÍA DE MONTES

Especialidades:

Industriais
Silvopascicultura

* ENXEÑERÍA QUÍMICA

DIPLOMATURAS

* CIENCIAS EMPRESARIAIS

Especialidades:

Control e Xestión
Empresa Financeira
Informática de Xestión

* EDUCACIÓN SOCIAL

Especialidades:

Educación de Adultos
Inadaptación e Marxinación Social
Animación Sociocultural e Desenvolvemento
Comunitario

* ENFERMERÍA

* MESTRE

Especialidades:

Educación Física
Educación Infantil
Educación Musical
Educación Primaria
Lingua Estranxeira





XUNTA DE GALICIA

* ÓPTICA E OPTOMETRÍA

* RELACIÓNS LABORAIS

* TRABALLO SOCIAL

ENXEÑERÍAS TÉCNICAS

* ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

Especialidades:

Explotacións Agropecuarias
Hortofruticultura e Xardiñería
Industrias Agrarias e Alimentarias
Mecanización e Construcións Rurais

* ENXEÑERÍA TÉCNICA FORESTAL

Especialidades:

Explotacións Forestais

* ENXEÑERÍA TÉCNICA INDUSTRIAL:

Especialidades:

Química Industrial: Procesos Químicos
Química Agrícola.

